

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

CURSO 2008-2009

**EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CPI AURELIO M. REY GARCÍA (CUNTIS)**

ÍNDICE

1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CPI AURELIO M. REY GARCÍA

1.1. CONTORNO DO CENTRO

1.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

1.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

1.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

1.4.1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1.4.2. ADMINISTRACIÓN E CONSERXARÍA

1.4.3. SINALÉCTICA

1.4.4. ESPAZOS DE CONVIVENCIA E RELACIÓNS INTERPERSOAIS

1.4.3. O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2. OBXECTIVOS

3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2008-2009

3.1. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN TENDENTES Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS

3.2. DESCRICIÓN PORMENORIZADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3.3. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

1. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CPI AURELIO M. REY GARCÍA

1.1. CONTORNO DO CENTRO

Os últimos datos dos que dispoñemos do universo poboacional do Concello de Cuntis en relación ao uso da lingua galega son os recollidos no censo de 2001. Con todas as cautelas que se deben tomar con este estudo estatístico, podemos tirar os seguintes parámetros:

Fala galego (sempre ou ás veces)	5.292	98,5 %
Total poboación	5.371	100 %

No que respecta ao número de falantes por bandas de idade, extraemos os datos referidos naquel entón ao tramo que vai dos 5 aos 29 anos (o tramo 0-4 anos non se incluíu):

		5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	Total 5-29	
Fala galego?	Sempre	169	221	276	410	402	1478	90 %
	Ás veces	16	28	17	31	31	123	7,50 %
	Nunca	5	2	10	9	14	40	2,50 %

Os niveis de coñecemento do idioma que amosa a devandita enquisa de poboación fican do seguinte xeito:

COMPETENCIAS	5-9	10-15	16-20	21-25	26-29	30-34	35-39	40-45	46-50	51-55	56-60	61-65	Máis de 65	total
Entende	189	251	302	450	446	392	325	335	322	346	376	281	1.342	5.357
Fala	185	247	298	447	440	390	314	329	321	338	372	279	1.332	5.292
Le	98	231	279	404	400	354	273	274	253	253	287	174	690	3.970
Escribe	76	228	257	362	359	302	224	203	167	171	161	76	287	2.87

Por outra banda, dos datos recollidos na *Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2003*. (Instituto Galego de Estatística) e sistematizados por zonas xeográficas e comarcas polo Arquivo de Sociolingüística do Consello da Cultura Galega para a páxina Loia (loia.org), Cuntis inclúese entre as zonas xeográficas galegas, especialmente do Eixo Atlántico e a súa zona directa de influencia, que presentan uns índices de uso galego elevado chegando mesmo case ao monolingüismo nas parroquias rurais. Ademais, da comparativa dos mapas de distribución de lingua inicial e habitual por áreas, despréndese que é nas zonas onde hai máis galegofalantes iniciais onde se presentan uns índices máis favorábeis ao galego como lingua habitual. Por outra banda, na análise de uso por idade son as xeracións maiores as que falan máis galego ao tempo que nas máis novas aumenta o bilingüismo con predominancia do galego.

1.2. SITUACIÓN DO PROFESORADO

Os datos dos que dispoñemos actualmente para analizar este sector correspóndense ás enquisas realizadas ao profesorado no curso 2007-2008, cuxos datos se recollen no PLC do curso anterior (aínda non actualizado no presente curso 2008-2009). Ademais, a chegada dun bo número de profesores e profesoras novos ao centro, especialmente na ESO, e a actualización anual do PLC que nestes momentos aínda non chegou ao Claustro, aconsellan tomar estas observacións con precaución. Os inquéritos permiten extraer algunhas claves relativas a este sector:

- A lingua habitual do profesorado do CPI Aurelio M. Rey García é maioritariamente o galego destacando entre os utentes do idioma un grupo de docentes bilingües con predominio do galego. A continuación, seguiría un grupo de profesores/as bilingües con predominio do castelán e un grupo monolingüe galego. Finalmente, son illados os casos de monolingüismo en lingua castelá. Por etapas educativas, cómpre destacar unha maior presenza do galego entre a comunidade docente da Educación Secundaria.

- En canto á lingua habitual de uso no centro, advírtese unha maior presenza do idioma que fóra do centro, aumentado xa que logo a porcentaxe de uso do galego no grupo de docentes bilingües.
- A percepción que o profesorado ten da súa capacitación para empregar o galego na actividade docente é media-alta, sendo maior en Educación Secundaria. A disposición dos docentes para actualizarse e reciclarse en lingua galega é moderada ou boa.
- En termos xerais, nas variábeis referidas a actitudes respecto do idioma non se detectan prexuízos arredor do idioma sendo, en xeral e salvo contadas excepcións, positivas. En relación ao proceso de normalización, ao plurilingüismo e á lexislación educativa en materia lingüística tampouco se atopan grandes atrancos no terreo das actitudes.

Conforme ao disposto no Decreto 124/2007 en relación coa presenza do galego como lingua curricular nas diferentes ensinanzas, o Proxecto Lingüístico de Centro recolle que o galego é a lingua vehicular do currículo que determina o citado Decreto. Do contraste deste documento coas ferramentas de avaliación que o ENDL dispuxo no curso pasado, principalmente enquisas ao alumnado na ESO e a observación dos usos en Primaria e Infantil, pódese afirmar que:

- A docencia vehiculase practicamente ao 100% en lingua galega en Educación Infantil.
- En Educación Primaria:
 - o Supera o 50% marcado pola lexislación; no entanto, incúmrese puntualmente nalgunhas materias, onde se alternan galego e castelán nalgúns grupos.
 - o Fóra do mercado polo Decreto, tamén se alternan as dúas linguas en Educación Física e Relixión.
- Educación Secundaria:
 - o 1º ESO: a docencia en galego supera o 50%, mais incúmrese a obriga de impartir CC. SS. Integramente en lingua galega. Por outra banda, impártense en castelán ou nas dúas linguas inglés e francés -ademais do idioma obxecto de aprendizaxe-.
 - o 2º ESO: non se chega ao 50% e incúmrese, ao igual ca no caso anterior, a obriga de impartir CC.SS nos dous grupos, onde se alternan as dúas linguas. Por outra banda, impártense en castelán ou nos dous idiomas Lingua Inglesa, Tecnoloxía, Francés e Relixión, materia na que o libro está en castelán.
 - o 3º ESO: cúmprese a lei. Impártense en lingua castelá Lingua Francesa e Tecnoloxía.

- o 4º ESO: a docencia non supera o 50% en todos os itinerarios e grupos. Impártense en castelán –con alternancia segundo os casos co galego- Francés, Relixión, Ámbito Científico e Tecnoloxía.

Polo demais, cómpre sinalar que se detectan lagoas importantes nos materiais que complementan os libros de texto (apuntamentos e recursos audiovisuais e multimedia de calidade e actualizados en lingua galega), de aí que, nalgunhas ocasións, e a pesar do esforzo do profesorado na elaboración de material propio, se recorre ao castelán.

En resumo, podemos concluír afirmando que estamos ante un ámbito en que o galego ten unha presenza importante no que respecta á lingua do profesorado e á lingua en que o alumnado interacciona con el, aínda que por debaixo do nivel de uso da lingua en que se interrelacionan os alumnos entre si. O umbral mínimo dun 50% de materias vehiculadas en galego que se marca no Decreto 124/2007 é superado na actualidade na grande parte dos grupos aínda que hai excepcións illadas na Educación Primaria e na ESO.

Porén, os usos do galego no centro reflicten un panorama máis castelanizado en sintonía cos usos dos suxeitos noutros eidos da vida cotiá. É por iso que a intervención lingüística debe atinxir outros espazos de uso non estritamente curriculares, para o cal se deben potenciar accións que incidan nas comunicacións entre docentes e alumnado nas aulas e fóra delas, nos espazos de ocio e nas actividades extraescolares, para o cal se debe procurar a colaboración de toda a comunidade educativa. O mesmo cabería dicir nas relacións do profesorado, sobre todo dos titores, coas nais e os pais.

A maiores, é preciso apuntar que a chegada de profesores substitutos ou interinos ao longo do curso pode mudar tanto a docencia en galego como os índices de uso do idioma nos ámbitos non exclusivamente académicos. Bótase en falta, neste sentido, un protocolo de benvida aos novos docentes por parte da equipa directiva no que se informe dos diferentes documentos que integran PEC, entre eles, o PLC e as directrices que este documento marca en materia lingüística para o profesorado.

1.3. SITUACIÓN DO ALUMNADO

En consonancia, por unha parte, co nivel elevado de galeguización da comarca e, por outra, co feito –constatábel en todo o país- da caída porcentual na transmisión interxeracional da lingua, no alumnado do CPI Aurelio M. Rey García obsérvase tamén un elevado nivel de galeguización,

pero, ao mesmo tempo, é visíbel unha caída no uso habitual do idioma nas promocións máis novas e algúns casos de substitución lingüística nos diferentes niveis educativos.

En síntese, da información da que dispón o ENDL a estas alturas pódense facer as seguintes consideracións tendo en conta que as porcentaxes de uso varían en función do lugar de nacemento, lugar de residencia, idade, lingua na que se aprendeu a falar, lingua que emprega na casa e lingua na que se dirixen a eles seus pais:

- a) A lingua na que se expresa o alumnado é o galego de xeito maioritario.
- b) Á hora de establecer relacións sociais fóra do centro educativo, son determinantes, para a escolla lingüística, o lugar de residencia, a lingua na que se aprendeu a falar, a lingua na que se dirixen a eles seus pais e a lingua utilizada no recinto fóra das clases. Así, a porcentaxe de uso do galego é maior entre os alumnos que viven nas parroquias rurais, entre os que aprenderon a falar en galego, entre aqueles aos que seus pais se dirixen en galego e entre os que utilizan a lingua galega fóra das aulas.
- c) Con respecto á lingua inicial, pódese establecer que o lugar de nacemento e o lugar de residencia son determinantes, sendo a porcentaxe de utilización do galego máis elevada entre os que teñen o hábitat rural como lugar de residencia.
- d) Igualmente, a porcentaxe de alumnos que utilizan o galego na casa é máis elevada entre aqueles aos que seus pais se dirixen en galego.
- e) A lingua utilizada no centro fóra das aulas polos alumnos tamén é maioritariamente o galego en función das condicionantes de hábitos e lingua de transmisión interxeracional xa indicadas nos puntos anteriores.
- f) A porcentaxe de alumnos nados na vila que utilizan o galego de forma habitual é menor que a daqueles nados nas parroquias rurais, aínda que sexa, tamén, a lingua maioritaria.
- g) No que á idade se refire, se ben se observa que a porcentaxe de uso do galego é, en xeral, menor entres os que cursan infantil e primeiro ciclo de primaria que entre os que cursan ESO, tamén se observa que nos tramos intermedios hai, en ocasións, porcentaxes de uso máis elevadas que nos tramos de maior idade.
- h) A porcentaxe de alumnado que utiliza de forma exclusiva ou maioritaria o castelán é, en todos os casos, moi inferior á do alumnado que utiliza o galego.

No apartado das **actitudes** cara ao idioma, danse diferentes perfís:

- Por unha banda, dáse un grupo importante de alumnos galegofalantes que amosan comportamentos moi favorábeis cara ao idioma. Mesmo se advirte que hai alumnos na etapa da ESO que, ademais de falaren galego, incorporan hábitos monolingües de maneira consciente ante a percepción do conflito lingüístico. En xeral, trátase dun grupo carente de prexuízos, cando menos a nivel superficial.
- A seguir atopamos o grupo máis numeroso, monolingüe ou bilingüe con predominancia do galego, no que, manifestando actitudes positivas cara ao idioma, se observan certos tipos de usos lingüísticos diferenciados que denotan a existencia de comportamentos diglósicos así como tamén o establecemento de atribucións de valores negativos para o idioma.

Por último, hai un terceiro grupo, menos numeroso, que engloba monolingües en galego e castelán (que teñen como lingua inicial as respectivas linguas, sobre todo no caso do galego), e bilingües, nos que se advirten prexuízos relacionados coa atribución dunhas capacidades lingüísticas menores nos galegofalantes, co éxito e a promoción social, coa limitación territorial e laboral, coa identificación ideolóxica e política, coa suposta incapacidade da lingua para vehicular determinadas expresións culturais, de ocio, etc. Neste grupo inclúense os casos de alumnos nos que está en marcha –ou xa rematado– o proceso de substitución lingüística.

1.4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Polo que atinxe ao **centro**, a falta de estudos sociolingüísticos sistemáticos elaborados no centro en cursos anteriores, a nosa análise ha de basearse forzosamente en constatacións puntuais realizadas en relación aos contidos de sociolingüística da Área de Lingua Galega por unha banda, e na propia observación de usos, actitudes e comportamentos respecto do idioma na comunidade educativa por outra banda. A necesidade urxente de contarmos cun documento rigoroso que analice polo miúdo a realidade sociolingüística do noso centro orientou no curso pasado os primeiros traballos do grupo encargado de deseñar o Proxecto Lingüístico de Centro, tal e como recolle o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso do galego no ensino. A Equipa Directiva e a devantida comisión marcáranse como obxectivo para o curso 2008-2009 actualizar os datos dispoñíbeis a través dunha enquisa que contemple o conxunto do estudantado e das familias e que permita deseñar o Plano Sociolingüístico de Centro, unha ferramenta fundamental que debe servir de base para a elaboración dos PLC dos vindeiros anos e que, sen dúbida, orientaría máis acadamente o labor do ENDL ao fornecer unha avaliación sociolingüística rigorosa. Neste inquérito, os membros do grupo de traballo do PLC acordaron engadir novos parámetros referidos

especialmente ás actitudes. A observación diaria nas aulas e fóra delas constata a sobrevivencia de valores e prexuízos en relación á lingua que aconsellan dirixir grande parte dos esforzos a esta campo de actuación. Por último, tamén se constata a preminencia do rexistro coloquial, inzado de castelanismos e deturpacións varias, tanto no alumnado como no profesorado, de aí que creamos necesario traballar na adquisición dun rexistro formal da lingua e visualizar o valor do estándar lingüístico.

1.4.1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Nas actividades extraescolares úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios... Do mesmo xeito, a lingua oral de relación e uso no seu desenvolvemento é o galego mais incúmprase na súa totalidade as directrices marcadas no PLC a este respecto: o galego debe ser a lingua vehiculra das actividades extraescolares. Polo tanto, podemos dicir que se ben neste campo a maioría das actividades están practicamente normalizadas no que se refire ao uso do idioma para a súa xénese, realización e promoción, tal e como xa se apuntou no apartado anterior, percíbese unha menor esixencia no uso da lingua fóra das aulas, feito que pode ser contraproducente ao asociar as linguas a espazos de uso diferentes e trasladar a idea da presenza do galego na docencia ás obrigas derivadas do marco lexislativo, podendo caír, na percepción do alumnado, en usos rituais do galego.

As persoas, colectivos e institucións alleos á vida escolar que participan nas actividades (obradoiros, actuacións...) acostuman empregar o galego, tamén presente nos cartaces, convocatorias e notas informativas de entidades, clubs... que chegan ao centro, se son de ámbito galego. No entanto, non sempre é así.

1.4.2. ADMINISTRACIÓN E CONSERXARÍA

O galego é a lingua vehicular dos usos administrativos do CPI Aurelio M. Rey García. Xérase toda a documentación escrita en lingua galega, tanto interna como pública. Os oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e co contorno social, como poden ser a correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego tal e como se recolle na lexislación educativa e no PLC. Por outra parte, non se observa ningún tipo de atranco ou dificultade que inducise a pensar que esta situación idónea fose variar.

Constátase, ademais, unha maior esixencia nos usos escritos, que se evidencia nunha crecente galeguización dos equipos informáticos e na difusión de ferramentas e aplicacións informáticas para o uso da lingua entre a comunidade docente, liña de actuación na que se debe insistir. A documentación emanada do Departamento de Orientación e nas aulas de Pedagogía Terapéutica redíxese en galego. Tamén no persoal da conserxaría do centro os niveis do uso do idioma son positivos xa que o galego é a lingua vehicular habitual.

Polo tanto, a presenza do idioma galego neste campo é satisfactoria, así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral. Sóese atender ao público en galego e emprégase o idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións, se ben nos usos orais danse situacións de cambio lingüístico nas que se reproducen os xa coñecidos comportamentos diglósicos.

1.4.3. SINALÉCTICA

Todo tipo de cartaces, rótulos, letreiros, etc. que existen no instituto están redactados en galego, tanto nas dependencias académicas como naquelas nas que ofertan os diferentes servizos. Durante o presente curso escolar desenvolverase un remozamento e unha ampliación da medida adoptada no seu día polo profesor Xosé A. Rivas Espiño, consistente en identificar mediante un rótulo labrado en madeira as aulas, obradoiros, laboratorios e resto de dependencias do instituto co nome de persoeiros da cultura galega, entre eles, os autores comarcais e locais. Faise necesario, así mesmo, actualizar as fichas descritivas sobre os autores, que se atopan na entrada ás aulas e que actualmente están moi estragadas.

1.4.4. ESPAZOS DE CONVIVENCIA E RELACIÓNS INTERPERSOAIS

O uso do galego é maioritario, como corresponde á dinámica social que circunda o centro. Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cadaquén.

1.4.5. O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A composición do ENDL do CPI Aurelio Marcelino Rei García é durante o curso 2008-2009 a seguinte:

- Alumnado: 30/123 (24%). Contabilizamos só o alumnado de Secundaria, posto que o de Infantil e Primaria non ten representantes no Equipo aínda que é obxectivo do ENDL ir achegando rapaces e rapazas do 3º ciclo de Primaria para que ao chegaren á seguinte etapa coñezan e participen no equipo. Crearanse grupos eestábeis por proxectos (revista, blogue...). O número de alumnos matriculados en Educación Infantil (66) e Primaria (177) é de 243.
- Profesorado: 8/45 (17%)
- PAS: 1/2 (50%).

Segundo a natureza das actividades desenvolvidas e segundo a acollida que as accións proxectadas teñan no seo da comunidade escolar, ao labor do ENDL súmanse máis colaboradores entre o profesorado nos que o Equipo delega mesmo a responsabilidade da coordinación das diferentes accións.

2. OBXECTIVOS

O Plano de Fomento da Lingua Galega para o curso 2008-2009 elaborado polo E.N.D.L do CPI Aurelio Marcelino Rei García, que se recolle no Proxecto Educativo de Centro e no Proxecto Curricular de Centro, considera como obxectivos fundamentais:

- a. Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos: no uso interno —vida administrativa— e no uso externo —relacións coa comunidade—.
- b. Garantir os dereitos lingüísticos dos galegofalantes no seo da nosa comunidade educativa, nomeadamente no caso do alumnado.
- c. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e en toda a comunidade escolar a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceitos existentes sobre a lingua.
- d. Consolidar o galego como lingua habitual dos grupos xa instalados no idioma e procurar avances nos individuos bilingües con predominancia do castelán ou monolingües en castelán.
- e. Fomentar entre os pais e as nais do noso alumnado o uso en en galego cos seus fillos valorizando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.
- f. Mellorar as destrezas lingüísticas, nomeadamente as activas, do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.
- g. Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e vangardistas e aos usos lúdicos do idioma.
- h. Difundir a lexislación actual e facilitar información legal en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
- i. Implicar o maior número de alumnado posíbel nas actividades do ENDL para que as actuacións teñan unha maior visibilidade e incidencia.
- j. Xerar dinámicas de traballo que supoñan unha toma de contacto e de corresponsabilidade do alumnado, o profesorado e o persoal non administrativo co ENDL.
- k. Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma.
- l. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- m. Promover relacións coas sociedades, colectivos e administracións do contorno escolar que teñan incidencia na comunidade educativa.

3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2008-2009

3.1. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN TENDENTES Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PREVISTOS

As medidas concretas establecidas polo ENDL para levar adiante os obxectivos previstos neste curso 2008-2009 enúncianse seguidamente. Establecemos primeiramente as dúas liñas xerais que van orientar esas actuacións:

- O deseño de planos e accións normalizadores orientados a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente) e ao contorno do noso centro, apostando polas liñas de colaboración con entidades e asociacións locais comezadas no curso pasado e que propiciaron unhas dinámicas tan positivas.
- O deseño de planos e accións encamiñados á sensibilización no uso do galego que detecten, neutralicen e muden as actitudes lingüísticas negativas cara ao galego por parte de calquera membro da comunidade educativa.

3.2. DESCRICIÓN PORMENORIZADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

De entre as múltiples medidas que se derivan dos eixos básicos de actuación recollidos no Plano de Fomento da Lingua Galega do CPI Aurelio Marcelino Rei García, o ENDL cre prioritario presentar nesta convocatoria tanto aquelas accións que pola súa envergadura e alcance na consecución dos obxectivos marcados precisan dun financiamento extraordinario que non se pode afrontar mediante os recursos propios do centro, como aquelas actividades menos gravosas ou que non precisan de financiamento mais que inciden de igual xeito nas liñas de actuación marcadas. De todos modos, a experiencia indica que ao longo do curso aparecerán novas propostas dos diferentes membros da comunidade escolar e das entidades e asociacións colaboradoras que enriquecerán este plano de traballo e que se incluírán debidamente na memoria de fin de curso.

Medida 1	DINAMIZACIÓN DO BLOGUE DO ENDL E POSTA EN MARCHA DUN PODCAST	
Descrición	<p>No curso 2007-2008 púxose en marcha no centro un blogue (http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php) que, xunto co taboleiro do ENDL e as publicacións periódicas, serve de medio de expresión das actividades do Equipo e da actualidade da lingua galega. O impulso das TIC foi unhas das liñas de traballo máis frutíferas do curso pasado e, ao lado do noso blogue, naceron a web do centro e outras bitácoras e wikis do profesorado e o alumnado nas que o galego foi sempre a lingua vehicular. Partindo desta realidade e para que este fervedoiro de iniciativas fundamentais para potenciar e asentir o galego nas TIC non decaía, dinamizaremos o noso blogue e os do alumnado mediante dúas iniciativas:</p> <p>a) Establécense algúns premios (cada trimestre) para gratificar o traballo daqueles alumnos que máis participan e máis empeño poñen na xestión e actualización do blogue do ENDL. Daríanse, pois, premios do estilo de: “Premio ao mellor artigo de divulgación”, “Premio ao mellor artigo de crítica”, “Premio ao artigo máis comentado”, etc.</p> <p>b) Adquisición dunha gravadora para pór en marcha un podcast, que servirá para poder recoller información de campo (entrevistas, literatura oral popular, guións radiofónicos, monólogos dramáticos...) e impulsar a creación dunha radio en liña.</p>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer as actividades que desenvolve o ENDL entre a comunidade educativa en xeral. - Ofrecerlle a alumnos e profesores, así como ás familias e a poboación cuntesa en xeral, recursos relacionados coa lingua galega que lle resulten útiles para a vida cotiá. - Informar acerca de distintos aspectos relacionados coa lingua galega promovendo a reflexión crítica sobre a situación sociolingüística galega. - Empregar a lingua como instrumento de comunicación e soporte de expresión creativa. - Fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais e as destrezas lingüísticas activas entre o alumnado. - Utilizar de modo responsábel e creativo as TIC para aprender a aprender, obter información e compartir coñecementos. - Fomentar a competencia lingüística a través do proxecto podcast como soporte que enriquece a interacción comunicativa e integra a linguaxe musical e da linguaxe verbal - Asociar o mundo das novas tecnoloxías ao idioma. 	
Destinatarios	Alumnado da ESO e Primaria (de maneira activa e como receptores), profesorado e familias Veciñanza de Cuntis	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Dpto. de Informática, Grupo de Dinamización das TIC, Dpto. de Ciencias Sociais e Dpto. de Lingua.	
Orzamento	Premios para os blogueiros e blogueiras	150€
	Compra de gravadora	100€
	TOTAL	250€

Medida 2	EDICIÓN DE REVISTAS	
Descrición	<p>As diferentes revistas que o ENDL do CPI Aurelio M. Rey García vén publicando dende hai anos constitúen unha ferramenta útil para proxectar o labor do equipo e a actualidade do idioma entre a comunidade docente, alén de servir de escaparate da vida académica e extraescolar do centro, potenciar as competencias lingüísticas do alumnado e abordar cuestións máis xerais, entre as que salientan a creación literaria e as reflexións do alumnado acerca de diversas temáticas. Apostamos nestas publicacións por unha total implicación do alumnado tanto no planeamento coma na súa confección, permitíndolles así facer unha publicación máis acorde cos seus intereses baixo a supervisión dos profesores.</p> <p>No presente curso, sairá á rúa un novo número da revista de periodicidade anual <i>A Nosa Voz</i>, que terá unha versión dixital en .pdf (http://centros.edu.xunta.es/cuntiscpi/files/A_NOSA_VOZ_08.pdf) e que contará cunha tiraxe en papel menor para reducir custes e que se colgará na web do centro. Preténdese, así mesmo, recuperar a revista bimestral de Infantil e Primaria, que os alumnos da ESO elaboraron en cursos pasados para os máis cativos do centro. Fica pendente a escolla dun nome para esta publicación xa que o actual ENDL pensa que o título co que era coñecida, <i>A Lingua Pequena</i>, non é o máis axeitado. Por último, é obxectivo do ENDL botar a andar unha publicación monográfica dedicada á lingua, de título <i>Na lingua de Tod@s. Boletín de Lingua</i>, que recolla trimestralmente novas de actualidade, recursos de interese para traballar en galego, pequenos traballos sociolingüísticos sobre o galego no centro e na vila, propostas de accións normalizadoras individuais coo o envío de correos a empresas e entidades que se destaquen positiva ou negativamente polo uso do idioma, etc. Trátase, en resumo, dunha actividade de carácter plurianual que pola súa traxectoria demanda unha continuidade. De todos os xeitos, o Equipo propónse para este curso comezar a delegar no colexio a publicación da revista de referencia, <i>A Nosa Voz</i>, posto que reúne unhas serie de características pedagóxicas e funcionais que a converten nun proxecto global do centro.</p>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Normalizar o uso formal da lingua na escrita nun contexto onde prima o galego coloquial e unha competencia escrita deficiente. - Potenciar o uso do galego en ámbitos cultos ou formais como poden ser a maioría dos contidos dunha publicación. - -Empregar a lingua como instrumento de comunicación e soporte de expresión creativa. - Canalizar as inquedanzas do alumnado, estimular a súa creatividade en galego e fomentar a súa capacidade de análise crítica. - Incidir nunha maior integración / relación entre todos os niveis do centro e no seo da comunidade educativa e servir de ponte de comunicación entre o centro e as familias e o contorno educativo en xeral. - Informar sobre a actualidade da lingua galega fomentando a análise crítica da realidade sociolingüística galega, proporcionar recursos de utilidade para o uso do galego na escrita e nas TIC e sensibilizar a comunidade educativa en materia idiomática. 	
Destinatarios	Alumnado (creador e receptor) e resto da comunidade escolar Veciñanza de Cuntis	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Todos os departamentos didácticos da ESO e niveis de Infantil e Primaria.	
Orzamento	Revista anual <i>A nosa voz</i>	500€
	<i>Na lingua de tod@s. Boletín da Lingua</i>	150€
	Revista trimestral de Infantil e Primaria	150€
	TOTAL	800€

Medida 3	OBRADOIRO DE CONTACONTOS “TÍRALLE DA LINGUA”	
Descrición	Desde o ENDL constatamos en cursos anteriores o interese do alumnado polo xénero teatral e os contacontos, un interese que se visualiza na continuación ano tras ano do Grupo de Teatro da ESO, na participación no certame <i>Tíralle da Lingua</i> que organiza a AS-PG, na asistencia a representacións teatrais e na actuación de alumnos da ESO con “contadas” para os máis cativos nos festivais de Infantil e Primaria. Co gallo de introducilos neste ámbito dun xeito máis técnico, proxectamos un obradoiro de contacontos para que os alumnos que gusten da actividade adquiran na medida do posíbel unhas nocións sobre técnicas axeitadas para unha correcta posta en escena.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Traballar a oralidade dende a construción dun discurso elaborado e coidado. - Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de creación artística. - Participar no certame escolar nacional de contacontos “Tíralle da Lingua”. 	
Destinatarios	Alumnado da ESO e do 3º Ciclo de Primaria	
Temporalización	2º trimestre	
Colaboración	Dpto. de Actividades Extraescolares, Dpto. Educación Física, Dpto. Lingua Galega.	
Orzamento	Contratación do actor e contacontos Avelino González (contada + obradoiro)	400€
	Transporte (un bus) para asistir ao certame Tíralle da Lingua	300€
	TOTAL	700€

Medida 4	PROXECTO MUSIGAL
Descrición	<p>O Proxecto Musigal naceu no terceiro trimestre do curso pasado co fin de dar a coñecer entre o alumnado a música galega actual debido ao escaso coñecemento que demostraban da música do país, sobre todo da vehiculada en galego, nas enquisas que levaron a cabo nas materias de Música e Proxecto Interdisciplinar. Así mesmo, criamos necesario rachar cos prexuízos existentes neste ámbito cara ao galego, pois o alumnado vincula a lingua unicamente co folklore ou mesmo con estilos musicais impropios dos gustos destas idades como a canción lixeira. Tamén percibimos o descoñecemento do profesorado sobre a existencia de material audiovisual moi interesante para o traballo cos máis pequenos (<i>Pelo Gato 24, Meniños Cantores, Operación Can, Mamá Cabra...</i>). A escaseza de material musical en galego específico para adolescentes e nenos, feito que supón unha grave eiva para a normalización da lingua, levounos á creación da Fonoteca Musigal (Musigal Secundaria e Musigal Infantil) cunha compra importante de CD e DVD que forman xa parte do catálogo da Biblioteca e é accesíbel para o profesorado e o alumnado. Para difundir estes produtos, creouse un fío musical nos recreos, distribuíuse un folleto informativo xeral e outros monográficos sobre diferentes bandas e contamos cunha charla da xornalista da Radio Galega Belén Regueira e cun obradoiro de Hip Hop impartido polos músicos Carlinhos Gende (especialista en beat-box) e Martín Loureiro (voz do grupo <i>Machina</i>): http://centros.edu.xunta.es/cuntiscpi/files/Musigal.pdf, http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=38176.</p> <p>Así mesmo, difundíuse o material infantil entre o profesorado dos niveis de Primaria e Infantil para que o empregasen nas aulas. Por último, creouse no blogue a “Radio Musigal” a través da aplicación web 2.0 Deezer.</p> <p>No curso 2008-2009 é a nosa intención continuar con este proxecto a través das seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - seguir difundindo o catálogo da fonoteca e ampliála con novos discos ao tempo que poremos en marcha un podcast (ver Medida 1) que se surtirá deste fondo musical. - editar un CD cunha escolma de temas votados polo alumnado, selección á que se sumaría unha canción do grupo de rock <i>Perdemos o Norte</i> (varios dos seus membros estudan no centro). - organizar un novo obradoiro de hip hop coa presenza de MC García, da banda <i>Dios Ke Te Krew</i> (actividade interrelacionada coa Medida 9). - gravar vídeo clips ao estilo “lip dub” co alumnado da ESO a partir de temas en galego de grupos galegos actuais. O “lip dub” consiste en facer o video clip dunha canción xa existente no que pode participar un “cantante” ou varios, incluír extras, coreografía... O Departamento de Música do IES As Bizocas do Grove prestaranos asistencia técnica e compartirá a súa experiencia nesta actividade pois comezará a traballala no primeiro trimestre do curso (http://sesoduran.wordpress.com/2008/09/24/lip-dub/). - divulgar entre o profesorado de Primaria e Infantil o potencial didáctico da Fonteca Musigal Infantil coa actuación dun dos grupos referente neste ámbito como a “Mamá Cabra”. - editar e gravar un CD que inclúa unha selección de pezas infantís populares achegadas polos nenos e as familias de Primaria e Infantil. Tras a recolla deste material (nanas, cancións para xogar á corda, para botar a sortes...) e logo de seleccionar algunhas pezas, serán preparadas cos rapaces nas aulas para gravar nun CD. Con este proxecto poderíase participar nos festivais escolares

	que hai ao longo do curso, no certame <i>Ponte nas ondas</i> , o que incentivaría a participación do alumnado. Tamén se empregará o Podcast como medio de difusión no terceiro ciclo de Primaria.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer a actualidade da música galega cantada en galego. - Ensinarlle ao alumnado a procurar produtos culturais fóra dos circuítos establecidos, máis mediáticos e comerciais. - Rachar os prexuízos que exclúen o galego da vida máis moderna e vangardista. - Ofrecer ao profesorado, aos pais e nais, e a toda a sociedade de Cuntis en xeral, un repertorio de cancións en galego (de tradición oral popular) para transmitirlo aos nenos, nos seus xogos, na clase, etc. - Fomentar a música popular infantil en galego e impulsar o recoñecemento do patrimonio oral popular. - Utilizar de modo responsábel e creativo as TIC para aprender a aprender, obter información e compartir coñecementos. 	
Destinatarios	Alumnado de todos os niveis educativos.	
Temporalización	<p>Todo o curso</p> <p>1º trimestre: actualización da Fonoteca Musigal de Secundaria e Infantil, difusión e actualización do proxecto a través do blogue, do taboleiro do ENDL, do Boletín de Lingua, de catálogos nas aulas, de correos internos ao profesorado, etc.</p> <p>2º trimestre: edición CD musica, elaboración de vídeo clips <i>lip dub</i>.</p> <p>3º trimestre: obradoiro de rap e graffiti, elaboración de vídeo clips lip dub e edición do CD infantil.</p>	
Colaboración	Dpto. Música (Secundaria e Primaria), Dpto. Música do IES As Bizocas do Grove, Escola Municipal de Música, Equipo da Biblioteca.	
Orzamento	Edición CD	500€
	Actuación de Mamá Cabra (a cargo da Biblioteca)	-----
	2ª edición do Obradoiro de Hip Hop (ver medida 9)	-----
	Actualización da Fonoteca	400€
	TOTAL	900€

Medida 5	INTERCAMBIO CO E.N.D.L DO IES LAMAS DE CASTELO (CARNOTA)	
Descrición	Realizarase un intercambio co ENDL do IES Lamas de Castelo de Carnota, centro encadrado nunca vila do bloque lingüístico dialectal diferente e cun patrimonio distinto ao de Cuntis para que desta maneira a actividade resulte máis rica tanto a nivel lingüístico como cultural. Este intercambio procura motivar e responsabilizar o alumnado pois é o responsábel máximo da súa organización e execución (recepción de alumnado, presentación dos lugares de interese, etc.). Ademais, trabállanse as competencias lingüísticas activas (escribir e falar), a necesidade de empregar un rexistro culto do idioma nas fases máis formais do intercambio e o potenciamento e o uso da lingua en relación ás TIC. Realizarase un tríptico para tódolos participantes co programa e as fichas descritivas dos lugares de interese visitados xa que tamén se persegue a implicación do alumnado co seu contorno máis inmediato e a valorización dos seus sinais da súa identidade, entre eles a lingua. O intercambio realizarase en dous días durante o mes de abril e/ou maio, un en cada centro. Necesítaremos un autobús para nos desprazar a Carnota.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Difundir e valorizar entre o alumnado a realidade socioeconómica e cultural da vila natal. - Coñecer o patrimonio natural cultural e socioeconómico doutra comarca do país. - Recoñecer unha variante lingüística dialectal diferente da propia co fin de poñer en valor a diversidade do idioma e, en consecuencia, a utilidade da lingua estándar. - Compartir experiencias normalizadoras co ENDL do IES que nos visita (actividades, programas etc). - Relacionarse con rapazada dunha realidade social, cultural e lingüística diferente. - Traballar as destrezas lingüísticas activas (falar e escribir) e o rexistro culto do idioma. - Potenciar o galego nas TIC e a súa presenza social na rede. 	
Destinatarios	O alumnado do Equipo de Normalización lingüística.	
Temporalización	<p>Todo o curso. No primeiro trimestre, o alumnado e o profesorado do ENDL, así como os departamentos didácticos participantes na actividade, planifican o intercambio establecendo as súas diferentes fases, un cronograma e os puntos de interese que formarán parte da visita guiada que o noso alumnado ofrecerá ao alumnado visitante (a guía será elaborada polo alumnado baixo a supervisión do profesorado). Así mesmo, os dous ENDL porán en común as respectivas planificacións.</p> <p>No segundo trimestre, terá lugar a comunicación entre alumnos dos dous centros a través de cartas, nun primeiro momento, e de correos e fotologs persoais, así como a dinamización dos blogs dos Equipos a continuación. Ademais, confeccionarase a guía da visita e estableceranse contactos co concello e outras entidades locais para solicitar a súa axuda no desenvolvemento da xornada de acollida. No terceiro trimestre, ten lugar o intercambio físico entre os dous centros.</p>	
Colaboración	Departamento de Plástica, Departamento de Actividades Extraescolares, Departamento de Orientación e Departamento de Lingua Galega e Literatura. Concello de Cuntis e a Fundación Terra Termarum.	
Orzamento	Tríptico da visita (60 exemplares)	100€
	Autobús á localidade de destino	500€
	TOTAL	600€

Medida 6	PROXECCIÓN DO ENDL ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA E A VILA DE CUNTIS	
Descrición	Dende o ENDL consideramos fundamental dedicar esforzos a eliminar prexuízos e representacións negativas do alumnado a respecto da súa lingua. No entanto, o resultado deste esforzo sempre vai quedar minguado se non se moven algo as consciencias das familias, sobre todo neste momento onde se está lanzando unha campaña mediática en contra da presenza do galego no ensino. Para isto imos deseñar unha campaña informativa dirixida aos pais e nais do alumnado co obxectivo de dar a coñecer o traballo do ENDL e convidar ás familias a participar das súas actividades e achegar novas propostas normalizadoras a través da publicación dun tríptico ás familias e o envío de información sobre o plano anual de actividades do ENDL á prensa. Ademais, consideramos importante dotar ao ENDL dunha imaxe corporativa, isto é, dun anagrama que lle confira identidade e reforce os vínculos dos alumnos colaboradores. Por último, organizarase un concurso de debuxo en relación coa lingua e o ENDL. O deseño gañador será estampado nunha camisola, que será distribuída entre o alumnado.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer a existencia e o labor do ENDL entre as familias. - Sensibilizar as familias no uso do idioma achegando ás casa a problemática do idioma. - Eliminar prexuízos e representacións negativas sobre a nosa lingua. - Dotar ao ENDL dunha imaxe corporativa. - Impulsar a colaboración entre o ENDL, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma. 	
Destinatarios	Alumnado, familias e veciñanza de Cuntis.	
Temporalización	Novembro: concurso de deseño do anagrama do ENDL. Decembro: elaboración e difusión do tríptico informativo. Febreiro: concurso de debuxo sobre a lingua e confección dunha camisola do ENDL co deseño gañador.	
Colaboración	Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Lingua Galega, ANPA O Baño e Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cuntis.	
Orzamento	Tríptico informativo	250€
	Camisolas ENDL	400€
	TOTAL	650€

Medida 7	OBRADOIRO DE GRAFFITI	
Descrición	A SXPL ofrece, en colaboración coa Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cuntis, un Obradoiro de Graffiti impartido polo ilustrador Anxo Fariña, que iniciará ao alumnado de 1º da ESO nas nocións básicas desta técnica artística para logo pasar a unha fase práctica na que os rapaces elaborarán as súas propias creacións (relacionado coa medida 9).	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dinamizar o uso da lingua galega en ámbitos lúdicos. - Incentivar a creatividade en galego e desde o galego. - Asociar o uso da lingua galega con actividades do interese desta franxa da idade (graffiti, cultura urbana) e a expresións culturais modernas. - Fomentar a creatividade artística vehiculada en lingua galega. - Impulsar a colaboración entre o ENDL, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma. 	
Destinatarios	Alumnado de 1º da ESO	
Temporalización	2ª quincena de outubro	
Colaboración	Dpto. de Educación Plástica e Visual, Secretaría Xeral de Política Lingüística e Concellaría de Cultura e Normalización do Concello de Cuntis.	
Orzamento	Papel (tamaño A4 e tamaño mural), lapis, goma, rotuladores, útiles de pintura (sprais), acetatos, cinta de pegar, tesoiras (cutter), luvas de latex ou similar, mascarillas de papel.	-----
	TOTAL	-----

Medida 8	OBRADOIRO DE REGUEIFAS	
Descrición	A Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galiza desenvolverá no colexio un Obradoiro de Regueifas en colaboración do ENDL. Esta actividade procura preservar esta manifestación cultural a través dunha actividade lúdica de alto valor didáctico e pedagóxico. O obradoiro será impartido polos regueifeiros Luís Caruncho e Pinto d'Herbón en dúas sesións que terán lugar en novembro e febreiro. Entre ambas sesións, traballarase a regueifa nas aulas e, unha vez rematada a parte presencial do obradoiro, organizarase un certame interno para seleccionar os 10 mellores regueifeiros, que acudirán ao certame provincial (Pontevedra, marzo de 2009). Tanto o obradoiro como os diferentes certames serán gravados en vídeo e subidos ao blogue do equipo.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer a poesía oral improvisada e implicar os rapaces no patrimonio cultural. - Utilizar a regueifa como elemento didáctico de estudo das distintas compoñentes do fenómeno poético. - Conseguir que o alumnado sexa quen de realizar unha copla improvisada ao remate da actividade. - Potenciar no alumnado as competencias persoais, actitudes e destrezas para a improvisación, a capacidade para organizar o discurso oral e a capacidade memorística. - Favorecer a competencia musical, lingüística e escénica. 	
Destinatarios	Alumnado de 2º e 3º da ESO	
Temporalización	Novembro: 1ª sesión do obradoiro. Decembro-xaneiro: traballo no colexio. Febreiro: 2ª sesión. Marzo: certame no centro e certame provincial.	
Colaboración	Dpto. de Música, Dptos. de Linguas e Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia	
Orzamento	Premios no certame local	50€
	Desprazamento (1 bus) ao certame provincial	350€
	TOTAL	400€

Medida 9	CULTURA HIP-HOP: OBRADOIRO RAP + GRAFFITIS	
Descrición	A boa acollida que tivo entre o alumnado de 3º e 4º da ESO do curso pasado o Obradoiro de Hip Hop organizado no marco do Proxecto Musigal (ver medida 4), anímanos a repetir a experiencia, esta vez da man de MC García da banda Dios Ke Te Krew de Ordes, referente da música hip hop en galego. Acompañando a MC García, músico que nos últimos tempos trata de combinar no seu traballo o rap e a poesía galega, estarán no noso centro os graffiteiros do colectivo DKTC para impartir ao alumnado unhas nocións básicas desta técnica artística e que servirá de continuación ao obradoiro impartido por Anxo Fariña en 1º da ESO (ver medida 7). Ademais, esta parte do obradoiro incluírá o pintado de diversas paredes do centro e da vila, para o cal o ENDL solicitará a colaboración da Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística e da Asociación Cultural O Fervedoiro de Cuntis. Os graffitis versarán sobre a lingua, o medio ambiente e a interculturalidade (existe un intercambio cun colexio de Bolivia).	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dinamizar o uso da lingua galega en ámbitos lúdicos. - Incentivar a creatividade pictórica e musical en galego e desde o galego. - Asociar o uso da lingua galega con actividades do interese desta franxa da idade (graffiti, cultura urbana) e a expresións culturais modernas. - Promover a reflexión crítica arredor da lingua e outras problemáticas como a sustentabilidade ambiental e a convivencia entre culturas fomentando a ecoloxía lingüística. - Impulsar a colaboración entre o ENDL, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma. 	
Destinatarios	Alumnado de 3º e 4º ESO	
Temporalización	Abril-maio 2009	
Colaboración	Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Música, Dpto. de Educación Física, Dpto. de Ciencias Naturais, Dpto. de Lingua Galega, Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cuntis e a Asociación Cultural O Fervedoiro.	
Orzamento	Pagamento convidados	400€
	Material graffiti	100€
	TOTAL	500€

Medida 10	TEATRO ESCOLAR	
Descrición	<p>Unha das actividades máis lonxevas do ENDL é, xunto coa edición da revista <i>A Nosa Voz</i>, a existencia dun grupo de teatro escolar estábel que dirixe o profesor Xosé R. Espiño. Está formado por alumnos de todos os cursos da ESO e representará á altura de maio o derradeiro lance <i>Os vellos non deben de namorarse</i> tras levar á escea o IIº lance no apsado curso (http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=39924). Ademais, o ENDL creou no curso pasado <i>Totum Revolutum</i> (http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=40272), un novo grupo que representa sketches e pezas breves nos diferentes festivais que se celebran ao longo do curso (nadal, entroido, as Xornadas Culturais don Aurelio de maio...). Este ano dramatizará textos de Núñez Singala, Séchu Sende... entre outros autores. Así mesmo, aproveitar no presente curso o traballo que neste ámbito vén desenvolvendo a profesora Julia Lamela no 1º ciclo de Primaria integrando as actuacións teatrais dos seus alumnos, como un xadrez vivinte (ver medida 12b) no proxecto anual do Equipo. Por último, para o curso 2008-2009 establecerase unha estreita colaboración coa Aula Municipal de Teatro para impulsar o teatro na vila e facilitar representacións destes grupos teatrais fóra do centro.</p>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer textos teatrais galegos. - Estimular a afección polo teatro e fomentar a creación de públicos. - Representar as obras de teatro ensaiadas durante o curso escolar, - Impulsar o galego como vehículo de actividades lúdicas. - Fomentar a creatividade artística do alumnado. - Facilitar o intercambio de experiencias teatrais entre o colexio e a Aula Municipal de Teatro. - Impulsar a colaboración entre o ENDL, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma. 	
Destinatarios	<p>Alumnado do 1º ciclo de Primaria e da ESO Resto do alumnado (público) Familias (o teatro da ESO ten un pase especial para as familias e aos festivais dos cativos poden pasar as nais e os pais)</p>	
Temporalización	<p>Todo o curso</p>	
Colaboración	<p>Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Educación Física, Titores do 1º Ciclo de Primaria, Aula Municipal de Teatro de Cuntis</p>	
Orzamento	<p>Material escénico (atrezzo, vestiario...)</p>	150€
	TOTAL	150€

Medida 11	IIª EDICIÓN DO CONCURSO LITERARIO DE CARTAS DE AMOR	
Descrición	Con motivo da celebración de San Valentín, o ENDL organizou en 2008 o Iº Concurso Literario de Cartas de Amor, que tiña como destinatario o alumnado da ESO mediante dúas modalidades (1º ciclo e 2º ciclo e 2º e 3º ciclo de Primaria). Os textos premiados serán publicados no blogue do ENDL e na revista <i>A Nosa Voz</i> .	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Vincular emocionalmente as rapazas e rapaces coa súa lingua e mellorar a súa valoración como lingua lúdica e próxima desterrando prexuizos idiomáticos. - Fomentar o gusto pola elaboración de textos literarios nos que se potencia a lingua na súa vertente escrita. - Potenciar a competencia escrita valorando a corrección, a coherencia e a adecuación nos textos epistolarios e literarios. 	
Destinatarios	Alumnado ESO e 3º Ciclo de Primaria.	
Temporalización	Febreiro de 2009.	
Colaboración	Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Lingua Castelá (imparte Ámbito Lingüístico dos grupos de PDC en 3º e 4º) e titores de 2º e 3º ciclo de Primaria.	
Orzamento	Premios	50€
	TOTAL	50€

Medida 12a	DINAMIZANDO OS RECREOS I: OS XOGOS TRADICIONAIS E POPULARES.	
Descrición	<p>Dende hai varios anos organízase no colexio unha xornada de xogos populares coincidindo co Magosto. O alumnado de 4º ESO prepara os xogos na materia de Educación Física para logo explicarllos no magosto ao alumnado de primaria, ademais de os organizaren e xogaren cos máis cativos. Este ano queremos dar un paso máis e ofertar os xogos populares durante todo o curso. Na revista <i>Saudiña</i> do curso pasado e en varias publicacións doutras revistas educativas outros centros compartían a experiencia de dinamizar os recreos. Parécenos un espazo habitualmente abandonado polo docente, moi valioso para o noso labor educativo, polo que decidimos organizarnos para levar adiante diferentes actividades no recreo durante este curso. Os xogos populares é unha delas. Ademais, o ENDL difundirá nas súas publicacións escritas e dixitais este patrimonio inserindo unhas pequenas fichas descritivas elaboradas polo propio alumnado: os maiores redactaranas e os alumnos de primaria crearán cos debuxos dos diferentes xogos.</p> <p>Para o curso 2008-2009, o punto de partida será a celebración do Magosto. O alumnado de 4º ESO organizará os xogos populares para primaria e para secundaria, os espazos utilizados para os xogos manteranse durante os recreos. A experiencia culminarase participando no Campionato Galego de Xogos Tradicionais e Populares que ten lugar no mes de xuño.</p>	
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> - Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto na participación en xogos, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade. - Favorecer a relación entre o alumnado a través do xogo. - Comprender e aceptar a diversidade xogando en grupos heteroxéneos. - Coñecer, realizar e compilar xogos tradicionais e populares de Galiza. - Coñecer, respectar e aceptar as regras dos xogos practicados. - Valorar os xogos tradicionais e populares como unha forma saudable de ocupar o tempo libre. - Identificar os xogos tradicionais como elementos de relación interxeracional e intercultural. - Potenciar a competencia escrita valorando a corrección, a coherencia e a adecuación nos textos instrutivos. 	
Destinatarios:	Alumnado de Primaria e Secundaria	
Temporalización	Dende o 14 de novembro (celebración do Magosto) ata xuño durante dous recreos á semana. En xuño o colexio participará no campionato galego de xogos tradicionais e populares.	
Colaboración	Dpto. de Actividades Extraescolares, Comisión de Convivencia do Centro, Dpto. de Ciencias Sociais, Dpto. de Tecnoloxía, Dpto. de Lingua Galega e a Asociación Galega do Xogo Tradicional e Popular.	
Orzamento	4 aros de ferro coa barilla	40€
	4 pares de zancos de madeira	100€
	5 balóns de goma-espuma (brilé)	50€
	5 xogos de tabas	25€

	3 cordas grandes	30€
	6 cordas pequenas	18€
	50 canicas	5€
	Pintura para superficies exteriores	35€
	Desprazamento (un bus) Campionato de Xogos Populares e Tradicionais	300€
	TOTAL	603€

Medida 12b	DINAMIZANDO OS RECREOS II: O XADREZ.	
Descrición	No curso pasado o Dpto. de Actividades Extraescolares fomentou o xadrez nos recreos. O éxito desta actividade, que mantivo ocupados un bo número de alumnos dende xaneiro até finais de curso, recomenda a súa continuidade. O ENDL súmase a ela colaborando co recién creado Clube de Xadrez de Cuntis a través da confección dunha Guía de Xadrez (breve historia, glosario das pezas e termos usuais, movementos básicos, etc.), que será elaborada polos xogadores de xadrez da ESO e que contará cos debuxos feitos polos xogadores máis cativos. Ademais, o grupo de teatro de 1º ciclo de Primaria (ver medida 10) representará un xadrez vivinte no entroido. O Clube de Xadrez de Cuntis proporcionará a axuda técnica necesaria e colaborará na organización do campionato interno final e a posíbel participación de xogadores do colexio nunha competición con centros da comarca.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto na participación en xogos, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade. - Favorecer a relación entre o alumnado a través do xogo. - Coñecer, respectar e aceptar as regras dos xogo practicado. - Potenciar a competencia escrita valorando a corrección, a coherencia e a adecuación nos textos instrutivos. - Traballar as destrezas lingüísticas activas (falar e escribir) e o rexistro culto do idioma. - Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de creación artística. - Potenciar a competencia escrita nos textos instrutivos e fixar o léxico relacionado con este xogo. 	
Destinatarios	Alumnado de Secundaria e Primaria	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Dpto. de Actividades Extraescolares, Comisión de Convivencia do Centro, Dpto. de Orientación, Dpto. de Lingua Galega e a Asociación Galega do Xogo Tradicional e Popular.	
Orzamento	Premios á participación	50€
	Guía de Xadrez	250
	TOTAL	300€

Medida 13	IIº CERTAME NA NOSA LINGUA	
Descrición	Durante os meses de marzo e abril de 2008 a Asociación Cultural O Fervedoiro de Cuntis organizou, no marco da Campaña de Normalización Lingüística en Cuntis 2008 que impulsou na localidade, un certame de debuxos para promocionar entre os máis novos o uso do idioma asociándoo a valores positivos, como a súa utilidade en todos os campos da vida actual e como paradigma clave do noso patrimonio cultural colectivo e da identidade galega, por medio de lemas e de imaxes plásticas. Entre as deseños seleccionados editáronse uns marcapáxinas e autocolantes que foron distribuídos en toda a vila. Este ano terá lugar a segunda edición e desta volta ampliarase a todo o alumnado do 1º ciclo da ESO do noso colexio. O ENDL coordina, xunto co Departamento de Plástica, a actividade no centro publicitando e animando a participar ao alumnado no concurso (actividade relacionada coas medidas 6, 7 e 9). http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=41966	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Sensibilizar a mocidade cuntesa no uso da lingua galega incidindo no seu valor utilitario en todas as esferas da vida moderno así como no seu valor cultural e identitario. - Fomentar a creatividade artística e lingüística do alumnado. - Impulsar a colaboración entre o ENDL, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma. 	
Destinatarios	Alumnado de 1º e 2º da ESO	
Temporalización	Marzo e abril de 2009	
Colaboración	Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Lingua Galega e Asociación Cultural O Fervedoiro de Cuntis.	
Orzamento	Os premios e a edición de marcapáxinas e adhesivos corren a cargo da A.C. O Fervedoiro.	-----
	TOTAL	-----

Medida 14	DINAMIZACIÓN DO MUSEO PEDAGÓXICO DO CPI AURELIO M. REY GARCÍA
Descrición	Desde hai anos o CPI Aurelio M. Rey García conta cun pequeno Museo formado por dous grandes grupos de obxectos: Material Escolar procedente do propio Colexio e das escolas unitarias do Concello de Cuntis e Material Etnográfico procedente de doazóns ou cesións das familias do alumnado. Neste curso pretendemos levar adiante unha serie de actividades para facer do Museo un organismo vivo, inserido na vida escolar, coñecido e recoñecido por todos os membros da Comunidade Educativa, e como un instrumento máis da aprendizaxe na que o alumnado debe xogar un papel principal, como garante da valorización e permanencia do Patrimonio Cultural da bisbarra.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer os fondo cos que conta o Museo a toda a Comunidade Educativa e integralo no proceso de aprendizaxe do alumnado. - Implicar o profesorado e o alumnado na valoración e difusión do Patrimonio educativo e etnográfico de Museo. - Crear un equipo de colaboradores do Museo entre o alumnado de 2º Ciclo da ESO. - Organizar visitas ao Museo, guiadas polo equipo de colaboradores, para todas as aulas do Colexio e para as nais e os pais. - Expoñer pezas singulares do Museo na entrada do Colexio, acompañadas de paneis explicativos. - Organizar unha exposición de debuxos de pezas do Museo realizados polo alumnado de todos os niveis, acompañados dunha pequena ficha descritiva. - Elaborar material didáctico adaptado aos distintos niveis educativos: Cadernos de Actividades. - Crear un espazo na páxina web do Colexio ou un blogue adicado ao Museo. - Diseñar un anagrama do Museo. - Editar e difundir no concello un folleto e cartaces do Museo. - Confeccionar unha guía ampla do Museo coa descrición dos obxectos principais. - Rodar unha presentación en vídeo do Museo, dirixida e protagonizada polo alumnado colaborador. - Editar un CD ou DVD cos traballos realizados: guía, vídeo, cartel, cadernos de actividades, folleto, cartel... - Ampliar os fondos do Museo - Mellorar e ampliar as instalacións do Museo. - Facilitar a visita ao Museo de persoas alleas á Comunidade Educativa do Colexio, mesmo ao alumnado doutros Centros. - Visitas ao Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada, ao MUPEGA, ao Museo do Pobo Galego e aos Museos de Allariz
Destinatarios	Comunidade educativa do CPI don Aurelio Veciñanza do Concello de Cuntis Escolares e outros visitantes do Concello de Cuntis
Temporalización	1º TRIMESTRE: Formación e preparación do equipo de colaboradores

	<p>Exposición de pezas singulares na entrada do Colexio Inicio das visitas guiadas por e para o alumnado do CPI Inicio da elaboración dos Cadernos de Actividades Inicio da Guía Creación dun espazo web Deseño dun anagrama Edición dun cartel</p> <p>2º TRIMESTRE Exposición de debuxos Remate das visitas escolares guiadas Exposición de pezas singulares na entrada do Colexio Continuación da Guía Remate dos Cadernos de Actividades Edición do folleto Inicio da rodaxe do vídeo da presentación do Museo</p> <p>3º TRIMESTRE Remate da Guía Remate da rodaxe e montaxe do vídeo Edición dun CD ou DVD Celebración do Día do Museos (18 de maio) Visitas a outros Museos (por niveis educativos)</p>	
Colaboración	Dpto. de Ciencias Sociais, Dpto. de Ed. Plástica, Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Actividades Extraescolares, Grupo de Dinamización TIC do colexio, Concello de Cuntis (Educación e Cultura), Asociación Terra Termarum, Asociación Cultural O Meigallo de Cuntis, Museo Manuel Reimóndez Portela da Estrada e MUPEGA.	
Orzamento	Folleto	400
	Cartaz	200
	Cadernos de actividades	200
	Montaxe vídeo	500
	Cd/dvd	400
	Guía do Museo	200
	TOTAL	1900

Medida 15	FOMENTO DA BANDA DESEÑADA E CINEMA EN GALEGO	
Descrición	<p>O ENDL pretende achegarlle ao alumnado de todos os niveis educativos do colexio novos e suxerentes produtos culturais en galego, practicamente inexistentes na nosa biblioteca. Así, en colaboración co Equipo da Biblioteca, procederase á creación dunha comiteca e dunha videoteca en lingua galega, que se sumara á Fonoteca Musigal (ver medida 4) e que subministrará títulos para A Mochila Viaxeira (medida 18).</p> <p>En canto á banda deseñada, o ENDL colaborará na actividade de difusión da banda deseñada que desenvolve a Biblioteca durante o mes de outubro para os diferentes niveis de Primaria, incluírá viñetas feitas polo alumnado nas revistas do equipo, potenciará a participación no concurso de BD do Correlingua (medida 17) e expoñerá unha escolma das historietas feitas ao longo do ano. Así mesmo, organizará un obradoiro de banda deseñada para o 3º ciclo de Primaria e 1º da ESO e unha exposición de cómics galegos no centro.</p> <p>Por outra banda, durante a celebración das Xornadas don Aurelio organizarase un ciclo de curtas galegas e durante o segundo trimestre proxectaranse unha vez á semana debuxos animados en galego para Primaria.</p>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Incentivar a creatividade en galego e desde o galego. - Asociar o uso da lingua galega con actividades do interese desta franxa da idade (graffiti, cultura urbana) e a expresións culturais modernas. - Fomentar a creatividade pictórica e musical. - Promover a reflexión crítica arredor da lingua desmontando prexuízos existentes. - Traballar as destrezas lingüísticas activas (falar e escribir) e o rexistro culto do idioma. 	
Destinatarios	Todo o alumnado	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Equipo da Biblioteca, Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Lingua Galega	
Orzamento	Compra de banda deseñada e filmes en galego	300€
	Obradoiro de banda deseñada	200€
	TOTAL	500€

Medida 16	DEFINICIÓNS CATIVAS	
Descrición	Gravación en vídeo, ao xeito da experiencia televisiva do programa da TVG “O país dos ananos”, de intervencións de nenos e nenas de Infantil e Primaria definindo persoas, obxectos ou lugares propios do seu contorno ou da realidade actual. A gravación correrá a cargo do alumnado do equipo responsábel do vídeo e a fotografía. Con este material gravarase un CD, do que logo se tirarán copias cos medios propios do centro, para pasalo nos festivais do colexio, a onde soen acudir pais e nais dos alumnos. Tamén se ofertarán copias ás familias e subiranse os clips de vídeo ao blogue do ENDL e á web do centro.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Potenciar a dimensión oral da lingua. - Potenciar o uso do galego en espazos de lecer. - Vincular a lingua galega a usos amenos e divertidos. - Fomentar a competencia dixital no manexo do soporte audiovisual e as TIC no alumnado responsábel da gravación, edición e suba á rede. 	
Destinatarios	Alumnado de Infantil e Primaria Alumnado do ENDL da ESO Familias	
Temporalización	Todo o ano.	
Colaboración	Titores de todos os niveis de Primaria	
Orzamento	CDs	150€
	TOTAL	150€

Medida 17	PARTICIPACIÓN NO CORRELINGUA	
Descrición	O ENDL estará presente na edición 2009 da carreira pola lingua, o Correlingua, facendo partícipe á comunidade escolar dos obxectivos desta iniciativa e fomentando a participación do alumnado nos diferentes concursos: Banda Deseñada (Primaria), Manifesto (3º e 4º da ESO), <i>A polo Ghit</i> do Correlingua (ESO) e faixas reivindicativas (1º ciclo da ESO).	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Propiciar a reflexión crítica sobre a situación da lingua e a importancia de activar as accións en prol dela. - Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares. - Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua. 	
Destinatarios	Toda a comunidade escola (o alumnado de 1º ciclo da ESO e 3º ciclo de Primaria asistirá á carreira)	
Temporalización	Xaneiro-maio 2009	
Colaboración	Dpto. de Actividades Extraescolares, Dpto. de Educación Física, Dpto. de Educación Plástica e Visual, Dpto. de Lingua Galega e Titores do 3º Ciclo de Primaria.	
Orzamento	Transporte (un bus) para asistir ao certame Tíralle da Lingua	300€
	TOTAL	300€

Medida 18	MOCHILA VIAXEIRA	
Descrición	O Equipo da Biblioteca porá en marcha durante o presente curso dúas mochilas viaxeiras entre o alumnado de Primaria e Infantil, actividade coa que pretende fomentar a lectura nas familias incluíndo na mochila lecturas axeitadas para todos os membros da familia. Cada mochila é entregada en préstamo a unha familia durante un tempo determinado, tras o cal ese lote de libros pasará a outra familia. O ENDL súmase a esta iniciativa poñendo en circulación dúas mochilas que, ademais de conteren lecturas en galego, tamén incorporan CD musicais de grupos galegos e filmes que oferten a opción “galego” entre as súas linguas (acción relacionada coa medida 15).	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a lectura. - Fomentar a lectura en galego no seo das familias. - Dar a coñecer produtos culturais galegos modernos e actuais (literatura, banda deseñada, música e cinema). 	
Destinatarios	Alumnado de Infantil e Primaria Familias	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Equipo da Biblioteca, Titores de Primaria e Dpto. Lingua Galega.	
Orzamento		TOTAL -----

Medida 19	RECOMENDACIONES LITERARIAS E ARQUIVO DE FOTOGRAFÍAS COMENTADAS	
Descrición	Creación dun arquivo de reseñas de lecturas feitas polo alumnado da ESO e 3º Ciclo de Primaria consistente en elaborar unha lámina plastificada na que, ao lado da portada escaneada en cor, se insire unha ficha descritiva do libro e unha recomendación argumentada da súa lectura. A finais de curso farase unha exposición de todas as reseñas. Así mesmo, farase outro arquivo que recollerá láminas semellantes ás anteriores mais, neste caso, inserirán fotografías de paisaxes naturais destacadas dos lugares de procedencia do alumnado cunha descrición literaria deles. Igualmente, farase unha exposición en maio de todos os traballos. As recomendacións literarias e o arquivos de láminas fotográficas formarán parte dun libro electrónico que se subirá ao blogue do ENDL e á web do centro.	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a lectura en galego. - Dar a coñecer a literatura galega. - Incentivar a creatividade en galego e desde o galego. - Traballar as destrezas lingüísticas pasivas (ler) e activas (escribir). - Impulsar o coñecemento e valoración do contorno. 	
Destinatarios	Alumnado da ESO e 3º Ciclo de Primaria.	
Temporalización	Todo o curso	
Colaboración	Equipo da Biblioteca, Dpto. de Lingua Galega, Dpto. de Lingua Castelá (responsábel de Ámbito Lingüístico de PDC) e Dpto. de Ciencias Sociais.	
Orzamento	Material funxible	-----
	TOTAL	-----

Medida 20	GALEGUIZAMOS O CENTRO
Descrición	<p>O ENDL supervisará e asesorará en materia lingüística á comunidade escolar através dunha serie de medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Revisar a documentación emanada do centro, cartelería... - Dotar ao profesorado das ferramentas informáticas precisas para o desenvolvemento do seu traballo en galego a través do correo electrónico, de ligazóns nos blogues e web do centro, do boletín lingüístico, do mantemento bibliográfico dos andeis do ENDL existentes na sala de profesores, etc. - Actualización e mantemento da sinalética que dá nome ás aulas (trátase de rótulos feitos en madeira dedicados a diversos autores galegos que incorporan unha ficha biográfica). - Galeguización dos equipos informáticos e aposta polo software libre na nosa lingua. - Compra de prensa e revistas en galego até agora inexistente no noso centro e con cargo aos gastos xerais do centro: <i>Galicia Hoxe, A Nosa Terra, A Peneira, GPS, Tempos Novos e De Luns a Venres</i> (chegarán ao centro uns 50 exemplares deste xornal gratuíto todos os días do curso). Os xornais escritos en lingua galega estarán a disposición de todos nun punto común de lectura e poderán ser usados nas aulas polo profesorado. Ademais, catalogarase e porase á disposición do profesorado o suplemento infantil “Bule Bule” do semanario <i>A Nosa Terra</i>. - Nomeamos o centro: o alumnado do ENDL nomeará con etiquetas ben visíbeis e ben elaboradas diferentes espazos e obxectos de todo o colexio, especialmente os máis castelanizados na fala. - Elaboración dun dicionario de uso da xerga educativa que incluírá os termos máis empregados e os seus debuxos respectivos. Colaborarán nel o alumnado de Primaria e da ESO.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos: no uso interno (vida administrativa) e no uso externo (relacións coa comunidade). - Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os ámbitos e membros da comunidade educativa, de xeito que se consolide a competencia en galego e se manteña o seu uso por parte dos alumnos do centro, indepedentemente dos niveis, etapas e ciclos de ensino. - Aumentar os usos do galego eliminando prexuízos sociais e lingüísticos. - Mellorar a competencia activa do galego por parte do estudantado e do profesorado que repercuta de forma efectiva no seu uso como lingua habitual. - Fomentar os valores funcionais, identitarios e diferenciais do idioma. - Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías. - Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación con usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais, utilitarios, vangardistas e lúdicos.
Destinatarios	<p>Alumnado e profesorado Familias</p>

Temporalización	Todo o ano	
Colaboración	Grupo de Dinamización TIC, Dpto. de Educación Plástica, Dpto. de Informática, Dpto. de Tecnoloxía, Dpto. de Lingua Galega	
Orzamento	Edición dun dicionario de uso da xerga educativa	250€
	TOTAL	250€

3.3. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES

	TEMPORALIZACIÓN	ACTIVIDADE	RESPONSÁBEL	DESTINATARIOS/AS	ORZAMENTO
1	Todo o curso	Dinamización dos blogs Podcast	Alberto Armada Rodríguez (3º Ciclo de Primaria e coordinador TIC)	Alumnado Profesorado Familias Veciñanza de Cuntis	250€
2	Todo o curso	Revistas escolares	Concepción Diéguez (Lingua Castelá) Román Cerqueiro Landín (Lingua Galega)	Alumnado Profesorado Familias Veciñanza de Cuntis	800€
3	2º trimestre	Obradoiro Contacontos	Concepción Diéguez (Lingua Castelá)	Alumnado ESO e 3º Ciclo de Primaria	700€
4	Todo o curso	Proxecto Musigal	Román Cerqueiro Landín (Lingua Galega)	Alumnado Profesorado Familias Veciñanza de Cuntis	900€
5	2º e 3º trimestres	Intercambio ENDL do IES Carnota	Norma Pillado Ordóñez (Educación Física)	Alumnado ENDL	600€
6	Todo o curso	Proxección social ENDL	Antonio Abal Nartallo (Persoal Administrativo)	Alumnado Profesorado Familias Veciñanza de Cuntis	650€
7	1º trimestre	Obradoiro de graffitis	Hortensia Fernández Torre (Ed. Plástica)	Alumnado 1º ESO	----
8	1º e 2º trimestres	Obradoiro de regueifas	Román Cerqueiro Landín (Lingua Galega)	Alumnado 2º e 3º ESO	400€
9	3º trimestre	Cultura Hip Hop: rap + graffiti	Norma Pillado Ordóñez (Educación Física) Hortensia Fernández Torre (Ed. Plástica)	Alumnado 3º e 4º ESO	500€
10	Todo o curso	Teatro Escolar	José Rivas Espiño (Lingua Galega) Concepción Diéguez (Lingua Castelá) Julia Lamela (1º Ciclo de Primaria)	Alumnado ESO 1º ciclo Primaria	150€
11	2º trimestre	Concurso de Cartas de Amor	Concepción Diéguez (Lingua Castelá) Emilia Monteagudo (2º ciclo de Primaria)	Alumnado ESO 2 e 3º ciclo Primaria	50€
12	Todo o curso	Dinamizando os Recreos	Norma Pillado (Ed. Física) e José Manuel (Orientación)	Alumnado ESO	903
13	2º trimestre	Concurso Na Nosa Lingua	Hortensia Fernández Torre (Ed. Plástica)	Alumnado 1º e 2º ESO	-----

14	Todo o curso	Dinamización do Museo Escolar	Heladio Anxo Fdez. Manso (Ciencias Sociais) M ^a Gema Barreiro Sanmiguel (Lingua Castelá)	Alumnado Profesorado Familias Veciñanza de Cuntis Outros centros escolares	1900€
15	Todo o curso	Banda Deseñada+cinema en galego	M ^a Carmen Folgar (Biblioteca) Emilia Monteagudo (2º ciclo de Primaria)	Alumnado	500€
16	Todo o curso	De 17 finais cativas	Dolores Rivas Espiño (Educación Infantil)	Alumnado Infantil e Primaria Alumnado ENDL-ESO Familias	150€
17	2º e 3º trimestres	Participación Correlingua	M ^a Dolores Iglesias (3º ciclo de Primaria)	Alumnado 1º ESO e 3º Ciclo Primaria	300€
18	Todo o curso	A Mochila viaxeira	M ^a Carmen Folgar (Biblioteca)	Familias e Alumnado Primaria e Infantil	-----
19	Todo o curso	Reseñas Literarias + Arquivo fotográfico	Gema Barreiro Sanmiguel (Lingua Castelá)	Alumnado ESO e 3º Ciclo Primaria	-----
20	Todo o curso	Galeguizamos o centro	Román Cerqueiro Landín (Lingua Galega) Alberto Armada Rodríguez (3º Ciclo Primaria e coordinador TIC) Concepción Diéguez (Lingua Castelá) José Manuel García Gómez (Orientación)	Alumnado Profesorado Persoal non docente	250€
					9055€

A dirección do CPI Aurelio M. Rey García e a Coordinación do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística comprométese a desenvolver este programa de actividades elaborado para o presente curso 2008-2009 no caso de obter financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística a través da convocatoria de axudas aos proxectos de fomento de uso do galego nos centros de titularidade pública de Galicia, tal e como se recolle na resolución do 29 de agosto de 2008 (DOG, nº 172, de 5 de setembro de 2008).

Román Cerqueiro Landín
O Coordinador do ENDL

José Luís Torres
O Director do Centro

Visto e Prace

Visto e Prace

Cuntis, 6 de outubro de 2008